

Criterios de cualificación e recuperación ORATORIA E DEBATE 3º ESO

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso, haberá unha variación significativa nos instrumentos de avaliación.

Nas primeiras unidades, será preponderante o uso das **probos escritas**, coincidindo coa parte de contidos teóricos, que deberán asentarse como base para un desenvolvemento posterior. Pola contra, na última avaliación, só se usan táboas de indicadores, a efectos de rexistrar a **actividade práctica** propia da Oratoria, que será dominante no remate do curso. Independentemente dos instrumentos empregados para a cualificación, o alumnado superará a materia en dous supostos:

1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.

2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo.

O alumnado coa materia superada aínda pode mellorar a súa cualificación nun punto entre o final da terceira avaliación e a avaliación final en caso de elaborar unha presentación oral sobre un dos temas propostos polo departamento.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dunha **proba final en xuño** que versará sobre as partes suspensas.